



Unha curtametraxe comprometida cos saharauis

Alumnos do IES Manuel García Barros de A Estrada ultiman un proxecto de animación en plastilina sobre a situación dos refuxiados

ANA CELA / REDACCIÓN

Os alumnos do obradoiro de creación artística do instituto de Secundaria "Manuel García Barros" de A Estrada ultiman a estrea de "Daira", unha curtametraxe feita con figuras de plastilina para facer reflexionar sobre a situación dos refuxiados saharauis.

Unha vintena de alumnos e os profesores encargados de coordinar o proxecto –Miguel Carvajal, Álvaro Pérez e Regina Puente– levan meses traballando nesta curtametraxe co obxectivo de rematar esta obra e estrea-la no vindeiro mes de xuño.

O traballo dos estudantes de creación artística do IES estradense céntrase na elaboración dunha curtametraxe de animación con figuras de plastilina e a base de fotografías, para a que teñen prevista facer unhas dez mil. Os alumnos repartíronse o traballo en tres grupos diferentes: uns adicados á investigación sobre o tema do pobo saharauí e a súa loita; outros centrados na elaboración dos decorados da película, e, finalmente, un terceiro equipo preparou os distintos personaxes, todos eles realizados e modelados en plastilina.

O proxecto "Daira" naceu no taller de expresión artística do instituto estradense. As figuras vanse colocando nun deserto de area, o escenario sobre o que discurre a historia destes refuxiados saharauis. A través destes personaxes e dos escenarios desérticos, "Daira" amosará aos espectadores unha historia protagonizada por un neno que é recollido e enviado a un campo de refuxiados para mostrar como é a vida nestes campamentos.

"Stop motion"

No seu traballo, os alumnos e profesores estradenses contaron coa colaboración dos expertos da productora Mr. Misto Films para manexar a técnica coñecida como "stop motion", unha actividade de animación que busca recrear o movemento de obxectos estáticos a través da sucesión de imaxes fotogr-



Seis dos alumnos estradenses mostran as casas dos campos de refuxiados. P. Figueiras



Enriba, a esquerda, once dos alumnos do obradoiro de creación artística do instituto estradense. Enriba, a dereita, profesores e estudantes traballando no programa informático. Patricia Figueiras/Bernabé

ficas fixas. Os estudantes recibiron clases sobre o uso de programas informáticos que utilizaron como ferramenta nesta técnica, así como recibiron orientacións sobre a maneira de tomar as fotografías ás figuras de plastilina e as técnicas que se usan para o seu movemento, así como sobre a posproducción da obra e os efectos especiais a utilizar. A curtametraxe terá unha duración entre cinco e dez minutos.

Traballo documental

O equipo do instituto contou para esta colaboración cunha aportación económica do Concello de A Estrada. O concelleiro de Cultura, Manuel Sanmar-

tín, e os propios autores da obra confían en presentar a curtametraxe no vindeiro mes de xuño.

De tras desta historia existe tamén un gran traballo de documentación e recopilación de datos sobre a situación do pobo saharauí e a vida nos campamentos arxelinos onde sobreviven tras ser expulsados do seu territorio polas autoridades marroquí.

A intención dos promotores desta curtametraxe é difundilo o máis amplamente posible co fin de recadar fondos e envialos aos nenos e as familias que viven nestes campos de refuxiados saharauis.



Tres alumnos elaboran as figuras de plastilina. P. Figueiras